



Pena Maior de Marrozos

Na parroquia de Marrozos, que pertence ao concello de Santiago de Compostela, nace no primeiro de decembro do ano 1986 a Asociación Cultural Pena Maior de Marrozos. A Asociación Cultural Pena Maior, leva máis de trinta e seis anos traballando na defensa e posta en valor da cultura tradicional galega. O esforzo e a ilusión de moitas persoas, atesouran a traxectoria desta formación do rural compostelán na preservación da música e o baile tradicional.

Actualmente forman parte da asociación máis de sesenta persoas, cunha idade comprendida dende os tres ata os sesenta anos. Esta asociación conta con diferentes seccións nas que se abordan as disciplinas de baile tradicional, canto, percusión, pandeireta, gaita e acordeón. Miudiños, Cantaruxeiros de Ardagán, Repeniqueiras, Son de Ferreña, Xoaniñas,... son algúns dos alcumes que reciben os diferentes grupos da asociación.

Os fins principais da Asociación son a promoción e defensa, entre as persoas socias e as súas familias, das temáticas e valores relacionados co ámbito cultural, social, patrimonial, con especial énfase en cuestións relacionadas co música e baile tradicional galego. Para levar a cabo os seus fins dende a asociación realízanse actividades de animación e participación xeral dos membros da familia en actividades do ámbito cultural. Tamén se fan xestións encamiñadas a conseguir mellores servizos á comunidade, sobre todo en temas culturais, sociais, de lecer, entre outros. Para mellor consecución destes fins promóvense actividades de divulgación e formación en temas relacionados coa música e baile tradicional galego, co patrimonio cultural, tanto material coma inmaterial, entre outras. Procúrase por tódolos medios a promoción da cultura tradicional e a xeración de valores e principios éticos entre as persoas sociais, con especial fincapé nas persoas máis mozas.

Como Asociación sen ánimo de lucro, o noso traballo e actividades sufráganse coa achega das persoas sociais. A asociación mantén unha estreita colaboración e é apoiada pola Asociación de Veciños da Parroquia de Marrozos, Asociación Francisco García Beiro e pola Comisión de Festas de Marrozos.

Asociación Cultural Pena Maior de Marrozos G-15.116.643

Rúa Ardagan, 1 Marrozos 15893 Santiago de Compostela

Inscrita no Rexistro Provincial de Asociacións de A Coruña co número 2013/17892-1 (AC) da Sección 1ª

Obradoiro de baile tradicional

Penna Maior de Marrozos participará na Festa do Banquete de Conxo impartindo un obradoiro de baile tradicional, aberto ao público asistente á festa. O acto desenvolverase o 24 de maio de 2024 ás 18:30 na Praza Aurelio Aguirre de Conxo.

No obradoiro, cunha duración aproximada de 1 hora, poderanse adquirir competencias básicas no achegamento á danza tradicional galega, acompañando con música en directo por parte de pandereteiras, onde se aprenderán puntos para a danza de ritmos tan populares como a jota ou a muiñeira.



Asociación Cultural Pena Maior de Marrozos G-15.116.643

Rúa Ardagan, 1 Marrozos 15893 Santiago de Compostela

Inscrita no Rexistro Provincial de Asociacións de A Coruña co número 2013/17892-1 (AC) da Sección 1ª